

VALORACIÓN DO PROTOCOLO CLÍNICO

Fisioterapia Xeral 2, 2024-25

O traballo sobre o protocolo de aplicación da materia *Fisioterapia Xeral 2* vale un máximo de **1 punto** da cualificación final da materia (no caso de avaliación continua). A distribución desta puntuación será:

- **0,5 puntos** pola valoración que o/a docente faga do protocolo de aplicación presentado.
- **0,25 puntos** polo traballo desenvolvido como avaliador/a dos protocolos dos/das compañeiros/as.
- **0,25 puntos** pola valoración que os/as compañeiros/as fagan do protocolo presentado.

Para concretar a avaliación de cada un dos apartados, seguiranse os seguintes **criterios**:

- En relación á valoración que faga o docente¹, valorarase:
 - o Que o protocolo de aplicación conteña, cando menos, os seguintes apartados: patoloxía a tratar (e descrición do caso clínico); modalidade terapéutica coa que se trate dita patoloxía (unha das vistas na materia elixida polo/a estudante); obxectivos do tratamento; colocación do paciente; localización, colocación e fixación, de ser o caso, dos eléctrodos no caso de corrente, da fototerapia ou magnetoterapia, ou a área de aplicación do cabezal do ultrasón; dose; tempo de tratamento; medidas preventivas, consellos e/ou exercicios para casa; outros métodos de tratamento que se poderían empregar no citado caso e o porqué (dentro dos vistos tanto nesta materia como nas outras materias do área de Fisioterapia pertencentes aos dous primeiros cursos do Grao); e outras consideracións ao caso, de ser preciso.
 - o Que sexa presentado nun máximo de 2 páxinas.
 - o A concreción e a claridade do texto.
 - o Que o protocolo siga as seguintes normas de estilo: letra Arial, tamaño 10, interliñado a 1,5.
 - o Que no encabezado ou no pé da páxina veña indicado o nome e apelidos do/a alumno/a (neste caso, letra Arial, tamaño 8).
 - o Que sexan axeitados os obxectivos ás características do caso clínico.
 - o Que sexa acorde a modalidade elixida de electroterapia, ultrasonoterapia, fototerapia ou magnetoterapia aos obxectivos do caso clínico.
 - o Que sexa correcta a colocación de eléctrodos, lámpada, sonda láser / área de aplicación de US.
 - o Que sexa correcta a colocación do paciente.
 - o Que sexan correctos a dose e o tempo de tratamento.
 - o Que estean sinaladas as precaucións e contraindicacións de xeito específico ás características do caso clínico.
 - o Que se sinalen medidas preventivas, consellos e/ou exercicios para casa.

¹ Cada erro no protocolo suporá unha diminución de 0,05 puntos neste apartado que vale 0,5 puntos totais.

- Que non falte ningún posible método de tratamento básico (na parte complementaria).
- Que sexan explicados axeitada e concisamente os porqués de empregar eses outros métodos de tratamento no caso clínico (sinalar cales serían os seus obxectivos terapéuticos).
- En relación ao traballo desenvolvido como avaliador/a, terase en conta:
 - Se o/a alumno/a ten unha participación positiva: presenta os puntos febles ou os erros dos protocolos dos/as compañeiros/as e faino con respecto cara eles; sinala aspectos que poidan faltar; que entrega en tempo e forma os comentarios de cada un dos/as compañeiros/as...
 - Se o/a alumno/a fai unha defensa razoada dos seus comentarios.
- E en relación á valoración dos/as propios/as compañeiros/as:
 - Cada estudante elixirá os 3 protocolos que máis lle gustaron e por orde de preferencia.
 - O protocolo mellor valorado terá unha valoración de 0,25 puntos.
 - O resto será avaliado en función dos apoios e a puntuación acadados.

No caso de avaliación global, o protocolo de aplicación terá unha puntuación máxima de **0,5 puntos**, a cal dependerá exclusivamente da valoración feita polo/a docente cos criterios sinalados anteriormente.